



## REGULAMENTO DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS DE SOUTOMAIOR

### CAPITULO I

#### COMPETENCIAS:

ARTIGO 1º.- O Concello de Soutomaior, en virtude dos artigos 25, 49 y 70 da vixente Lei Reguladora das Bases do Réxime Local 7/1985, de 2 de Abril, do Regulamento de Policía Sanitaria e Mortuoria de data 20 de Xullo de 1.974, Decreto nº 2.263/74, aproba o Regulamento Interior dos Cemiterios Municipais.

### CAPITULO II

#### DO REXIME INTERIOR:

ARTIGO 2º.- Son propiedade do Concello de Soutomaior os cemiterios de Salgueirón (Arcade) e a súa ampliación (Cemiterio Novo de Arcade) e o cemiterio de Soutomaior.

ARTIGO 3º.- A inspección das dependencias dos cemiterios municipais correrá a cárrego do Sr. Alcalde ou Concellal Delegado que se desíñe prá estes mesteres.

ARTIGO 4º.- Sendo os cemiterios sitios destiñados o culto ós mortos, privase nestes lugares todo tipo de actos que perturben o orde ou sexan contrarios á moral e as boas costumes e que impidan darlle os mesmos o respecto e veneración que se lles debe.

ARTIGO 5º.- Os cemiterios poderán ser visitados polo público nos días e horas que se sinalen polo Sr. Alcalde ou Concellal Delegado.

ARTIGO 6º.- Os cemiterios serán atendidos polo persoal dos servizos municipais que se desíñen ó efecto e que levará a cabo os cometidos que se sinalen neste Regulamento sin que poida esixir cantidade algunha polos servizos marcados no mesmo e que a Alcaldía lle ordée.

ARTIGO 7º.- Todo o que desexe poñer inscricións, cruces ou aparatos en calquera nicho, solicitará permiso ó Concello, a fin de evitar tódolo que desdiga dos respecto e veneración.

ARTIGO 8º.- Queda privada a antrada de cans, cabalerías, animais de calquera clase e vehículos a motor, que haberán de estacionarse nas esplanadas dos cemiterios, na zona exterior dos recintos.

### CAPITULO III

#### DO PERSOAL:

ARTIGO 9º.- En principio e sen perxuicio de que, si é necesario no futuro, poidase adscribir persoal específico ós cemiterios municipais estarán atendidos por persoal de plantilla de subalternos que realizarán as funcións que o Regulamento sinala.

ARTIGO 10º.- Os funcionarios desíñados serán os encargados de abrir e pechar as portas dos cemiterios, manter o orde dentro do recinto, utilizando os medios axeitados, e requerindo a intervención da Policía Municipal cando fore necesario. Os familiares dos falecidos haberán de comunicar iste feito 12 horas antes da do sepelio, ó Concello, mediante escrito ou nota sinada por un familiar.

ARTIGO 11º.- Dará parte ó Sr. Alcalde dos feitos ou incidentes que ocorran nos cemiterios municipais e terá ó seu cárrego e baixo a súa responsabilidade tódolos enseres e materiais que o Concello teña nos cemiterios e vixiará que non se estraguen nin deterioren, sen permiso dos seus donos, ningún obxeto de propiedade particular.

ARTIGO 12º.- Non se permitirá que se abra ningún nicho nen urna, sen permiso do Sr. Alcalde ou Concellal Delegado.

ARTIGO 13º.- Non dará sepultura a ningún cadavre, sen que haian transcurrido as 24 horas do seu falecemento, atenéndose, en todo caso, ó permiso do Xuzgado correspondente, e 12 horas antes da súa inhumación haberá de comunicar ó Concello, a hora do sepelio.

ARTIGO 14º.- Levarase un Libro de Rexistro, en cujos asentos conste o sitio, clase e número do nicho, día da inhumación, nomes e enderezo de donde procedía o finado.

ARTIGO 15º.- Fará que en tódalas dependencias reine o maior orde e limpeza, conservando aseados os nichos, recollendo no almacén ou lugar desinado prá elo, tódolos obxectos que non presten un inmediato servioio ou que foran perdidos ou abandonados polos seus donos.

ARTIGO 16º.- Os materiais ou ferramentas de traballo que necesiten, pedirán-as no Concello o traveso do Sr. Alcalde ou Concellal Delegado.

ARTIGO 17º.- Pola súa condición de sepultureiro, entervirá en tódalas inhumacións e exhumacións, tendo o seu cárrago a apertura e clausura dos nichos e sutura-las paredillas dos nichos, así como o cintado das urnas, cujos traballos verificará con perfección e o maior respecto, gardando as mesmas consideracións e respecto prá todo mundo.

ARTIGO 18º.- Coidará que nos nichos se observe o maior aseo.

ARTIGO 19º.- Logo de abertos os nichos, trasladará ós osarios (se autorizadamente non se lle ordea que o faga a nichos ou urnas) os osos postos o descuberto. Os restos de caixas, roupas e calzados, queimaranse a maior brevedade, evitando sempre que queden a vista do público.

#### CAPITULO IV

##### DOS NICHOS:

ARTIGO 20º.- Os nichos serán construídos polo Concello ou polos veciños. A concesión de nichos ou de terreo prá súa edificación ou a de panteóns, realizarase dacordo do precio que figura na Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 21º.- Tanto os nichos de estrutura prefabricada vendidos polo Concello, como os que edifiquen os veciños, terán que ir recubertos de pedra na súa fachada. No caso dos nichos que se atopen ó final da alinación, a súa fachada lateral que dea ó vial de acceso, irá tamén recuberta de pedra.

ARTIGO 22º.- A concesión de nichos de estrutura prefabricada farase por riguroso orde de entrada de solicitudes no Rexistro do Concello.

ARTIGO 23º.- No caso de concesión de terreo prá edificación de nichos ou panteóns, os mercadores axustaranse prá súa edificación as dimensións técnicas oficiais que lle fixe o Concello e que rixan en cada intre por disposicións oficiais.

ARTIGO 24º.- Os nichos terán as dimensións, feitío e situación que sinale o Concello.

ARTIGO 25º.- Prá sinalar os nichos provisoriamente, permíttese fixar sobor do seu frente unha leenda de propiedade.

ARTIGO 26º.- As obras de nichos ou panteóns escomezaranse nun prazo máximo de seis meses a partires da data da concesión. Unha vez escomezadas non poderá interromperse por prazo maior do citado. Estes prazos poden ser prorrogados.

ARTIGO 27º.- O titular de todo nicho ten a obriga de conserva-lo en perfecto estado de solidez e hixiene, privándose inhumar naqueles que



que se atopen deteriorados. Tamén queda obrigado a conservar, visible e claro, o número respectivo, e a mentelos perfectamente pechados en todo tempo, aínda que se atopen desocupados.

ARTIGO 28º.- Prá apertura dos nichos, así como prá clausura, o propietario poderá custear o persoal preciso que haxa de axudar ó sepultu-reiro.

ARTIGO 29º.- Os nichos abriranse por riguroso orde de antigüidade.

ARTIGO 30º.- Prá limpeza dos nichos, así como prá colocación e saca de lápidas e vidrieiras, o propietario pode desíñar ós operarios que queira, quens actuarán baixo a dirección do Concellal Delegado dos cemiterios municipais ou funcionari encarregado de cemiterios.

ARTIGO 31º.- Non se consentirá que os cemiterios se convirtan nun almacén de obxetos abandonados.

ARTIGO 32º.- En ningún nicho se poderán colocar adornos, coroas, luces, etc., que ocupen mais espacio que o da súa propiedade, en perxui-cio doutros propietarios.

ARTIGO 33º.- Se transcurridos 20 anos e previo chamamento no "Bo-letín Oficial" da provincia non se presentase persoa que reclame os seus dereitos, pasarán a ser propiedade do Concello, tras a notificación es-presa ós propietarios, os nichos abandonados, entendéndose por tales os que levan ese tempo sen usar e atópanse deteriorados.

ARTIGO 34º.- Os títulos espediranse a favor dos adquerintes e dos que manifesten o seu desexo de que a inscrición sexa bipersoal. O Con-cello soio reconece os dereitos de propiedade na persoa a cuio favor se atopen inscritos no Rexistro da Secretaría.

Recoñeceranse as transmisións testamentales, por título de heren-cia ou legado e tamén se recoñecerán como válidas as cesións a título gratuito entre parentes dentro do carto grao, según do cómputo do derei-to común, pero non se recoñecerá a cesión a título gratuito en ningún outro caso non previsto espresamente por esta Corporación. As transmi-sión a título oneroso non serán recoñecidas como válidas.

A concesión de nichos ou terreo non causa venda no sentido do de-reito común e tampouco poderán causalas as transmisións sucesivas reco-ñecidas pola Corporación Municipal.

O que ceda a outra persoa o seu nicho (o que poderá facerse unica-mente cando foran exhumados os cadavres ou restos depositados nel), debe-rá comunica-lo ó Concello, que poderá concede-la autorización en casos especiais e sempre que se demostre que non se trata de eludir as leis nin as prescipcións vixentes, reservándose esixir o pago dos dereitos municipais, según da tarifa e ordenanza fiscal.

## CAPITULO V

### DAS INHUMACIONES I EXHUMACIONES:

ARTIGO 35º.- En unhas e outras atenderase as disposicións de sani-dade vixentes en cada caso.

ARTIGO 36º.- Na Depositaria de Fondos Municipais abonarase por ca-da acto de inhumación e exhumación a cantidade de cartos que fixen as ordenanzas debidamente aprobadas.

Quedan unicamente escludidos i esentos de pago, os que sexan consi-derados como probe de solemnidade.

## CAPITULO VI

### DA SALA DE AUTOPSIAS E OUTRAS DEPENDENCIAS DOS CEMITERIOS:

ARTIGO 37º.- Na Sala de Autópsias depositaranse os cadavres que ordée a autoridade xudicial, e o encarregado coidará de ter tódolos elementos que necesiten os facultativos prá istes mesteres.

ARTIGO 38º.- O encarregado velará pola perfecta conservación deste local, así como das destinaídas ós demais servicios.

### CAPITULO VII

#### DO PUBLICO:

ARTIGO 39º.- En todo o ano, e con maior razón na festividade de Difuntos, prívase terminantemente as persoas que visiten os cemiterios comportarse de xeito ou maneira contraria ó respecto que se debe á memoria dos mortos.

ARTIGO 40º.- Queda polo tanto prohibido ciscar obxetos de calquera clase, comer ou beber cousa algunha dentro do recinto, arrincar frores ou arvres, trazar sobor das cruces ou lápidas inscricións impropias e, levar a cabo profanación de calquera xeito.

### DISPOSICIONS TRANSITORIAS

ARTIGO 41º.- Naquelo non disposto eiquí, aplicaranse as disposicións oficiais vixentes en cada intre en materia de Policía e Sanidade Mortuoria.

ARTIGO 42º.- Pola Alcaldía sancionaranse as infraccións a iste Regulamento coas multas que lles corresponda.

ARTIGO 43º.- Iste Regulamento entrará en vigor e, terá plena aplicación, cando sexa aprobado definitivamente.

DILIXENCIA.- Ponse para facer constar que este Documento foi aprobado polo Concello Pleno, na súa sesión de data 29 Novembro 1985.

A SECRETARIA,



*Margantz Pera*

DILIXENCIA.- Ponse para facer constar que este Documento estuvo exposto/ao público nos B.O. da provincia núms. 285/85 e 42/86, sen/que se presentara reclamación algunha.

A SECRETARIA,



*Margantz Pera*